

PROTOCOLO DE SEGURIDADE PARA ASISTIR A VERBENA DE LOS SATÉLITES EN ARTEIXO:

INFORMACIÓN IMPORTANTE para todas aquelas persoas que adquirisen a súa entrada para asistir á verbena de Los Satélites este sábado 19 de xuño en Arteixo:

- Lugar da actuación: Aparcamiento de Campo de fútbol de Arteixo:
<https://bit.ly/35qqPWI>
- Duración da actuación: 21:00-23:00 h
- Hora de apertura de portas do recinto e control de acceso: a partir das 19:30 h (recoméndase asistir coa suficiente antelación para evitar aglomeracións e longas esperas na cola).
- Só accederán ao recinto aquelas persoas que teñan entrada e que se atopen incluídas na listaxe de porta.
- Só poderán pasar co seu vehículo aquelas persoas con minusvalías ou problemas graves de mobilidade (sillas de rodas, etc), o resto terá que acceder á pé.
- Levar DNI preparado
- Acudir con mascarilla cirúrxica ou FP2
- Respetar a distancia física mínima de seguridade de 1,5 metros na cola e 3 m2 na verbena
- Facer uso do xel hidroalcohólico antes de entrar no recinto.
- Non está permitido o consumo de alimentos, de bebidas e de tabaco.
- Unha vez que se acceda ao recinto, poderase facer uso dos aseos do campo de fútbol.
- Unha vez que se saia do recinto non se poderá volver a entrar. É importante evitar os desprazamentos innecesarios.

En xeral, recoméndase aplicar o sentido común e a máxima responsabilidade á cidadanía no cumprimento das actuais medidas sanitarias anti-COVID.